

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO PARA O ESTUDO E PRESERVACIÓN DA OBRA DE OTERO PEDRAYO

---

En Santiago de Compostela

### REUNIDOS

**Don José Carlos López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

**Don José Eduardo López Pereira**, con DNI nº 34569667T presidente da Fundación Otero Pedrayo, con CIF G-32007825 e domicilio social na Casa Grande de Trasalba, Cimadevila – Trasalba – Amoeiro (Ourense), que actúa en nome e representación da devandita fundación.

### EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. No ámbito da Administración autonómica galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias e



funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

**2.** Que ambas as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

**3.** Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor de contribuír ao desenvolvemento e difusión da lingua e da cultura galegas. Que, concretamente, a Fundación Otero Pedrayo é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal fomentar, manter e divulgar a vida e a obra do escritor Otero Pedrayo.

**4.** Que, no cumprimento dos seus obxectivos, o Consello Plenario da Fundación, na sesión celebrada o 25 de xuño de 2001, creou o Centro de Estudos Oterianos (CEO), no que se constitúe a biblioteca e o arquivo do escritor. Que neste centro se realizarán labores de estudo e investigación cos que se pretende esclarecer e explicar con rigor intelectual aspectos da vida e da obra literaria deste escritor.

**5.** Que a Fundación Otero Pedrayo é a única existente en Galicia sobre este persoeiro e, polo tanto, referente exclusivo sobre a súa vida e obra para as persoas estudosas, investigadoras e público en xeral. Que dada a singularidade e características das actividades previstas neste convenio, soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Otero Pedrayo, polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actuacións que se van desenvolver como consecuencia da sinatura deste convenio.



6. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da lingua, por considerar de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galegas as actividades que desenvolve a Fundación Otero Pedrayo, desexa colaborar con esta entidade para investigar e reflexionar sobre o mundo contemporáneo, mostra de permanente modernidade de Otero Pedrayo.

Polo exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar un novo convenio de colaboración para o ano 2025, que se rexerá polas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da lingua, e a Fundación Otero Pedrayo para colaborar na actualización do pensamento e da memoria de Otero Pedrayo.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a coñecer e divulgar a súa figura, produción e publicacións e continuar cos labores de recompilación e investigación sobre a súa vida e obra para completar a biblioteca oteriana, para que poda ser consultada polos investigadores e estudosos deste ilustre representante da literatura galega.

### Segunda. Obrigas da Fundación Otero Pedrayo

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación Otero Pedrayo comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

1. Roteiro por Trasalba en colaboración co CAFI de Santiago de Compostela dirixido a docentes de toda Galicia



2. Roteiro histórico literario pola contorna da Casa Grande de Cima de Vila, dirixido á poboación en xeral no que se repartirán cadernos con textos literarios de don Ramón Otero Pedrayo relacionados cos lugares visitados.
3. Exposición bibliográfica comentada na Casa Grande de Cima de Vila. Coa vontade de mostrarle ao público algunhas das alfaias literarias que se conservan na Fundación.
4. Elaboración de material didáctico e promocional para os máis pequenos (primaria).

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

A Fundación encargárase de organizar, xestionar e contratar as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

### **Terceira. Asesoramento lingüístico**

A Secretaría Xeral da lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

### **Cuarta. Fondos documentais do CEO**



Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais do CEO que pasen a constituír a biblioteca e o arquivo oteriano poderán ser accesibles para as persoas estudosas e investigadoras da obra oteriana de maneira gratuíta, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

### **Quinta. Financiamento**

O custo total das actividades previstas neste convenio ascenden a un total de **9.500,00 €**, importe que será sufragado coas correspondentes achegas:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da lingua, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **8.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.
- A Fundación achegará a cantidade restante **1.500,00 €**.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

No anexo I desagrégase a cantidade total do convenio.

### **Sexta. Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PRO04A .

Para percibir a cantidade que se especifica na estipulación anterior, a Fundación presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:



- Unha certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- Para o control das actividades que se prevén no convenio, entregaranse un exemplar dos traballos que se publiquen.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua e cultura galegas.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control

### **Sétima. Utilización da lingua galega**

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.



### **Oitava. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### **Novena. Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

### **Décima. Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

### **Décimo primeira. Comisión de Seguimento**



Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da lingua nomeados polo seu titular e dous representantes da Fundación Otero Pedrayo. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

### **Décimo segunda. Causas de resolución**

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

### **Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo cuarta. Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

### **Décimo quinta. Notificación electrónica**



Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia [Notific@, https://notifica.xunta.gal](https://notifica.xunta.gal). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



### **Décimo sétima. Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015) .

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017)segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, do 5 de novembro de 1999) e demais normativa vixente na materia.



A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José Carlos López Campos

O presidente da Fundación

Otero Pedrayo

José Eduardo López Pereira



**ANEXO I**

**ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E  
LIÑAS DE GASTO  
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

Liñas de acción/actividades do convenio	
1. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Roteiro por Trasalba en colaboración co CAFI de Compostela	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Gastos de persoal	475 euros
2. Outros gastos	1.500 euros
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>1.975 euros</b>
2. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Roteiro pola contorna na casa grande	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Gastos de persoal	475 euros
2. Comida	1.500 euros
3. Impresión de caderniños	500 euros
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>2.475 euros</b>
3. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Exposición bibliográfica comentada	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Gastos de persoal	950 euros
2. Catálogo	500 euros
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>1450 euros</b>
4. <sup>a</sup> actividade/acción, descrición: Elaboración de material didáctico e promocional	



Desagregación das liñas de gasto	Importe
1. Gastos de persoal	950 euros
2. Impresión de material	2.650 euros
<b>TOTAL PARCIAL</b>	<b>3.600 euros</b>
<b>TOTAL</b>	<b>9.500 euros</b>



**ANEXO II**

(Para cubrir pola entidade)

## FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Convenio/Título:

Entidade:

N.º proxectos, accións e actividades	Localidades	N.º de persoas destinatarias, beneficiarias	Homes (%)	Mulleres (%)
<b>TOTAL</b>				

